



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de FEBREIRO de 2023 (1374/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta minutos do día trece de febreiro de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(90).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(91).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA, RIDER E CATERING PARA O CONCERTO DE “TANXUGUEIRAS”. EXPTE. 9648/335.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 13/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 13/02/2023, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

Con data 30 de xaneiro de 2023 o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para a contratación do servizo da **actuación artística, rider e catering para o concerto de “TANXUGUEIRAS** o día 17 de febreiro de 2023 na Porto do Sol e dentro do programa “Vigo en Festas 2023”. No expediente consta:

- Informe de necesidade e idoneidade asinado pola xefatura do Servizo de Festas co conforme do concelleiro de Participación Cidadá e Festas o 30 de xaneiro de 2023 e orde de inicio do expediente na mesma data.
- Memoria económica asinada pola xefatura do Servizo de Festas co conforme do concelleiro de Participación Cidadá e Festas o 2 de febreiro de 2023. Valor estimado total de 33.000,00 euros.
- Documento RC asinado pola Dirección Superior Contable o 3 de febreiro de 2023.
- Declaración de neutralidade asinada pola redactora do Prego de Prescricións Técnicas con data 3 de febreiro de 2023.
- Prego de Prescricións Técnicas asinado pola xefatura do Servizo de Festas o 10 de febreiro de 2023, que inclúe un anexo I denominado Recursos Producción.
- Memoria xustificativa do contrato asinada pola xefatura do Servizo de Festas co conforme do concelleiro de Participación Cidadá e Festas o 8 de febreiro de 2023.
- Informe da xefatura do Servizo de Contratación sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación o 8 de febreiro de 2023.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola xefatura do Servizo de Contratación o 8 de febreiro de 2023.

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento **negociado sen publicidade** e tramitación **ordinaria** do contrato da prestación do servizo da **actuación artística, rider e catering para o concerto de “TANXUGUEIRAS** o día 17 de febreiro de 2023 na Porto do Sol e dentro do programa “Vigo en Festas 2023”, cuxa exclusividade ostenta a empresa “PLAY PLAN CULTURAL, S.L. CIF. B94168705”.



Concello de Vigo

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 10 de febreiro de 2023 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 8 de febreiro de 2023 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación **39.930,00 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **33.000,00 euros** con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.227 9906 Organización Entroido, do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás trece horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez